

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 25 DE MARZO DE 2024

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00014545D.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións da Xunta de Goberno Local:

- Ordinaria de data 18 de marzo de 2024.
- Extraordinaria e urgente de data 19 de marzo de 2024.

2. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2023/00046005D.

Licenza de obra nova para construción de nave destinada a almacén na RÚA DE CASTELA E LEÓN, 31

Acórdase:

PRIMEIRO.- CONCEDER licenza de obra nova para a construción de nave industrial destinada a almacenamento na RÚA DE CASTELA LEÓN, 31 (parcela M01a02o da reparcelación do Polígono da Sionlla), finca rexistral número 58453, con referencia catastral 0303541NH4500C0000LA, segundo Proxecto básico e de execución e anexo redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa co visado colexial de data 20/10/2023 e 12/12/2023, cun orzamento de execución material de 145.000 €, baixo a dirección facultativa do proxectista e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde do arquitecto técnico Arturo Miguel Para García.

As actuacións consistirán na construción de nave de planta baixa cunha superficie construída de 897,75 m², superficie útil de 863,71 m² e altura de 7,95 metros, para destino de almacenamento.

3. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2024/00010744A.

Desestimar o recurso potestativo de reposición interposto por D. Juan Carlos Rey González contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 05/12/2022 (exp. 2022/00048484P) polo que se resolve non conceder a axuda pública solicitada por Juan Carlos Rey González por desistencia do interesado.

Acórdase desestimar o recurso potestativo de reposición interposto por D. Juan Carlos Rey González contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 05/12/2022 (exp. 2022/00048484P) polo que se resolve non conceder a axuda pública solicitada por Juan Carlos Rey González por desistencia do interesado.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00020502J.

Adxudicación do contrato “Subministración de ordenadores de sobremesa e monitores en centros socioculturais no ámbito rural de Santiago de Compostela (campana 2022) / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 2ª fase da Deputación Provincial da Coruña” a MICROMEDIA SL.

Acórdase:

Primeiro: Excluir NOYASSU por non cumprir cos requisitos esixidos nos prego ao superar o “volumen de caixa” ofertado o máximo solicitado (oferta 1,06 L mentres que o máximo que se pode ofertar é de 0,7 L.

Segundo: Excluir a HERBECON SYSTEMS SL e a SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, SL ao considerar que as súas ofertas están en baixa temeraria ao non xustificar adecuadamente que cos prezos ofertados poden cumprir o contrato consonte o esixido nos pregos.

Terceiro: Adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto a *Subministración de ordenadores de sobremesa e monitores en centros socioculturais no ámbito rural de Santiago de Compostela (campaña 2022) / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 2ª fase da Deputación Provincial da Coruña a MICROMEDIA SL*, que presenta unha proposición económica de 25.102,66 € (base imponible de 20.746,00 € máis IVE do 21% de 4.356,66 €).

Designase como responsable do contrato ao Xefe do Servizo de Informática, de acordo coa Cláusula 19 do PCAP.

Cuarto: Comprometer un gasto por importe de 25.102,66 € con cargo á aplicación orzamentaria 070 33403 6260000 (código de proxecto:2022 2 PPROV 35 9).

Este contrato está financiado nun 100% polo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS + Adicional 2/2022 2ªfase.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00049226X.

Aprobación do expediente de contratación do *servizo de conservación, reparación e pequena reforma de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela*, cun orzamento base de licitación de 1.420.172,60 €.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación do *Servizo de conservación, reparación e pequena reforma de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela*, cun orzamento base de licitación de 1.420.172,60 € (base imponible de 1.173.696,36 € máis IVE do 21% de 246.476,24 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación, de acordo co artigo 131 e 156 a 158 da LCSP.

Terceiro: Autorizar o gasto correspondente por importe de 1.420.172,60 €, coa seguinte desagregación por anualidades e aplicacións:

Partida	Descr. Partida	2024	2025	2026	TOTAL
080 32300 2120000	CEIPs	266.666,67 €	400.000,00 €	133.333,33 €	800.000,00 €
030 92000 2120000	Admin. Xeral	76.000,01 €	114.000,01 €	38.000,00 €	228.000,02 €
070 34200 2120000	Deportes	66.666,67 €	100.000,00 €	33.333,33 €	200.000,00 €
060 33403 2120000	Centros. socioculturais	64.057,53 €	96.086,29 €	32.028,76 €	192.172,58 €
TOTAL		473.390,88 €	710.086,30 €	236.695,42 €	1.420.172,60 €

O gasto de exercicios futuros queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se autorice no respectivo orzamento consonte o establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00039410S.

Subsanación erro advertido no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 26/12/2023, relativo a cancelación do aval en concepto de fianza

definitiva constituído pola empresa, LAPPSET ESPAÑA VR, S.L., para responder do contrato de “Subministración e instalación dunha área de xogos infantís no Parque de Outeiro de Sar. Orzamentos Participativos 2017. CON/37/2017.” |

|Acórdase proceder á subsanación do erro advertido na proposta da concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local de data 23/12/2003, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 26/12/2023, relativo a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, LAPPSET ESPAÑA VR, S.L., para responder do contrato de “Subministración e instalación dunha área de xogos infantís no Parque de Outeiro de Sar. Orzamentos Participativos 2017. CON/37/2017, corrixindo o NIF do Avalista, de xeito que:

Onde di:

Autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, LAPPSET ESPAÑA VR, S.L., CIF:B-60961554, por importe de 5.999,14 euros (Avalista: BANCO DE SABADELL, S.A. NIF.B60961554- para responder do contrato de “Subministración e instalación dunha área de xogos infantís no Parque de Outeiro de Sar. Orzamentos Participativos 2017. CON/37/2017.”.”.

Debe dicir:

Autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, LAPPSET ESPAÑA VR, S.L., CIF:B-60961554, por importe de 5.999,14 euros (Avalista: BANCO DE SABADELL, S.A. **NIF. A08000143**- para responder do contrato de “Subministración e instalación dunha área de xogos infantís no Parque de Outeiro de Sar. Orzamentos Participativos 2017. CON/37/2017.” |

7. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2024/00002096A.

|Aprobar o proxecto de Regulamento do Consello Municipal de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela e o proxecto de modificación do Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade |

|Acórdase:

1. Aprobar o proxecto de Regulamento do Consello Municipal de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela.
2. Aprobar o proxecto de modificación do Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade e do artigo 13.4 do seu Regulamento de organización e funcionamento do Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade (BOP.núm 70 do 13 de Abril de 2012), que quedará redactado da seguinte forma:

(...)Artigo 13.4. As comisións sectoriais que se establecen, sen prexuízo de que o propio Consello poida acordar a súa modificación, son as seguintes:

- *Familia, infancia e xuventude*
- *Emprego*
- *Emigración-inmigración*
- *Discapacidade*
- *Saúde*

3. Elevar ao Pleno da Corporación a proposta para a aprobación inicial do Regulamento do Consello Municipal de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela e para a aprobación inicial da modificación do artigo 13.4 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade, previo ditame da Comisión Informativa correspondente. |

8. PRESIDENCIA E TURISMO. Referencia: 2024/00003628V.

|Dar conta á Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago, para a súa toma de razón e posterior traslado aos departamentos de Contabilidade e Tesourería, da cancelación dos avais bancarios por importe de: 7.367,00 euros, 100.147,67 euros, 51.503,48 euros e 30.567,76 euros e da póliza de operacións bancarias vinculada aos mesmos cun límite de 240.000,00 euros que foron formalizados en outubro de 2017 co Banco Sabadell co aval do Concello de Santiago en base ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro de 2017. |

|Acórdase tomar razón e posterior traslado aos departamentos de Contabilidade e Tesourería, da cancelación dos avais bancarios por importes de 7.367,00 euros, 100.147,67 euros, 51.503,48 euros e 30.567,76 euros e da póliza de operacións bancarias vinculada aos mesmos cun límite de 240.000,00 euros, que foron contratados pola sociedade municipal Información e Comunicación Local SA (INCOLSA) e formalizados co Banco Sabadell en outubro de 2017, co aval do Concello de Santiago en base ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro de 2017. |

9. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00051331E.

|Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 491/2023 CA2 sobre Decreto do 21.09.2023 que desestima solicitude de rectificación de autoliquidacións correspondentes ao IIVTNU. |

Resolución: Sentenza nº 40/2024

Procedemento: Abreviado 491/2023 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2

Obxecto: Contra Decreto do 21.09.2023 que desestima solicitude de rectificación de autoliquidacións correspondentes ao IIVTNU recaída en expediente 2022/12015V

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

A sentenza é favorable aos intereses municipais.

PROCEDENCIA OU NON DO RECURSO

Contra a sentenza, que é firme non cabe interpoñer recurso ningún

Acórdase:


1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Xestión Tributaria para os efectos do seu coñecemento.

10. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00028035W.

|Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento PA 131/2023 CA2 pola que se desestima o recurso de reposición e se confirma a providencia de constrinximento e requirimento de pago de sancións de tráfico por non identificar ao condutor |

Resolución: Sentenza 40/2024, de 11 de marzo, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 2 da Coruña

Procedemento: PA 131/2023



CONCELLO DE SANTIAGO

Obxecto: Resolución de 21.03.2023, pola que se desestima o recurso de reposición e se confirma a providencia de constrinximento e requirimento de pago das sancións de tráfico por non identificar ao condutor derivadas dos expedientes 2021/34153, 2021/05890, 2021/38392 e 2021/41939, por importe total de 990 euros.

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

A sentenza desestima a demanda ao considerar que as notificacións das sancións de tráfico que xeraron os expedientes sancionadores por non identificar ao condutor foron correctamente realizadas mediante publicación no Boletín Oficial do Estado, ao non poderse practicar no domicilio do vehículo.

Acórdase:

- 1.-Tomar coñecemento da resolución xudicial
- 2.-Remitir á Tesourería —Recadación— para o seu coñecemento e efectos oportunos.

11. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00014545D.

[Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas.]

[Tómase coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 15 e o 21 de marzo de 2024.]

URXENCIAS

12. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/95/2017.

[Modificación de licenza de OBRAS DE REHABILITACIÓN de edificación para hospedaxe na RÚA DE GÓMEZ ULLA, 7]

Acórdase autorizar a a modificación da licenza de OBRAS DE REHABILITACIÓN de edificación para hospedaxe na RÚA GÓMEZ ULLA, 7-esquina Perez Constanti, con referencia catastral 7573074NH3477D0001UD, segundo Proxecto básico e de execución modificado redactado polos arquitectos Aurelio Outeriño Fernández e Alberto de Paula Prieto, co visado colexial de data 22/06/2023 e anexos con data de visado de 25/08/2023 e 09/11/2023, cun orzamento de execución material de 534.344,56 €.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00059273X.

[Validación de actuacións respecto da formalización do contrato do *Sistema de xestión integral da base de datos oracle do Concello de Santiago de Compostela.*]

Acórdase validar, ao abeiro do establecido no artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, e no 52 da Lei 39/2015, de 1 outubro, as actuacións realizadas respecto da formalización do contrato do Sistema de xestión integral da base de datos oracle do Concello de Santiago de Compostela.